

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*DECRETO 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

A Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, no seu artigo 12 dispón que a oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal se adaptará aos límites e aos restantes requisitos que se establezan na normativa básica estatal.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das administracións públicas españolas. A reforma actuará en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

A Xunta de Galicia asinou coas organizacións sindicais, o 18 de outubro de 2017, o Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos (DOG núm. 27, do 7 de febreiro de 2018) e, posteriormente, o 15 de xaneiro de 2019, o Acordo de concertación do emprego público de Galicia (DOG. núm 19, do 28 de xaneiro), que teñen por obxecto, entre outras medidas, o desenvolvemento dunha iniciativa plurianual planificada dirixida a incrementar a estabilidade do emprego público dependente da Xunta de Galicia, co obxectivo de reducir a taxa de temporalidade inferior ao 7 % ao final do período establecido nos acordos asinados.

Deste xeito, esta Administración autonómica de Galicia vén incorporando nos decretos que regulan anualmente as ofertas de emprego público unha taxa adicional de estabilización das prazas que estean ocupadas por persoal cunha vinculación temporal e reúnan os



requisitos a que se fai referencia nas leis de orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

No entanto, a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, prevé que teña lugar un novo proceso de estabilización do emprego temporal nas administracións públicas, mediante a convocatoria extraordinaria de prazas que non consomen taxa de reposición.

Ese proceso de estabilización estrutúrase en dúas vías principais:

1. Por unha banda, autorízase un terceiro proceso de estabilización de emprego público, adicional aos que regularon os artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos, estean recollidas nas distintas administracións públicas e, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Sen prexuízo do que establece a disposición transitoria primeira, as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, serán incluídas dentro do proceso de estabilización descrito no parágrafo anterior, sempre que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e, chegada a data de entrada en vigor desta lei, non fosen convocadas ou, sendo convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir. Non obstante, engadiranse as prazas que con posterioridade á entrada en vigor da Lei 20/2021 queden desertas pola non superación do proceso selectivo convocado.

2. Por outra banda, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establécese a convocatoria, polo sistema de concurso, daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización, deberanse aprobar e publicar nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022.



A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nestas ofertas de emprego público deberase producir antes do 31 de decembro de 2022.

Neste decreto, de conformidade coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urgentes para a redución da temporalidade no emprego público, non se recollen as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e fosen convocadas con anterioridade á data de entrada en vigor desta Lei 20/2021. Non obstante, engadiranse as prazas que con posterioridade á entrada en vigor da Lei 20/2021 queden desertas pola non superación do proceso selectivo convocado.

Todas as disposicións contidas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, relativas aos procesos de estabilización, resultan de aplicación tamén ás sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios do sector público, nos termos que se indican na súa disposición adicional sétima.

Da resolución destes procesos non poderá derivar, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, e nestes procesos deberanse ofertar necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal e cumpran os requisitos.

Ademais, nesta oferta figuran prazas de promoción interna para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, ou pasase a realizar as ditas funcións ou a desempeñar os ditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna. Este persoal laboral fixo poderá participar nun proceso selectivo de promoción interna a través dun concurso-oposición nos termos sinalados na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e na disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Así mesmo, nesta oferta recóllense prazas de promoción interna para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que non se inclúe no parágrafo anterior, pois trátase, por un lado, de procesos de consolidación convocados



nas categorías de persoal laboral, de conformidade co disposto na disposición transitoria décima do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e que proveñen das ofertas públicas de emprego de anos anteriores, concretamente do Decreto 124/2017, do 30 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2017, e por outro, tamén para aquel persoal laboral fixo que opte pola promoción interna horizontal ao ser a data da convocatoria do seu proceso selectivo posterior á data establecida pola disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Conforme os artigos 13.2.g) e 14.2.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación da oferta de emprego público por proposta da consellería competente en materia de función pública. Así mesmo, o artigo 12 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, exige o informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Neste marco, cómpre a aprobación da oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e entidades públicas instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e de prazas de promoción interna horizontal do persoal laboral fixo.

Na súa virtude, negociados os criterios xerais desta oferta de emprego público coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos, tras o informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Comisión de Persoal, e de conformidade co establecido no artigo 13.2.g) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, por proposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e cinco de maio de dous mil vinte e dous,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Aprobación da oferta de emprego público*

De conformidade co disposto no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado



público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, así como na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, apróbase a oferta de emprego público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico nos termos que se establecen neste decreto.

### Artigo 2. *Cuantificación da oferta de emprego público*

O número de prazas que integran esta oferta ascende a un total de 7.038.

No anexo I figura o número de prazas que corresponde á convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, prevista nas disposicións adicionais sexta, sétima e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e inclúe aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no seu artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 e sempre que tales prazas continuasen a estar ocupadas na data de entrada en vigor desta lei.

Prazas correspondentes á Administración xeral 4.158 e prazas das entidades instrumentais 1.574.

Total anexo I: 5.732.

No anexo II figura o número de prazas que corresponde á taxa adicional para a estabilización de emprego temporal prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e inclúe as prazas de natureza estrutural, dotadas orzamentariamente, ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente como mínimo, nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 e sempre que tales prazas continuasen a estar ocupadas na data de entrada en vigor desta lei.

Prazas correspondentes á Administración xeral 483 e prazas das entidades instrumentais 265.

Total anexo II: 748 prazas.

No anexo III figura o número de prazas que corresponden co proceso de funcionarización ao abeiro do artigo 4 polo sistema de concurso-oposición. Un total de 281 prazas.



No anexo IV figura o número de prazas que corresponden á promoción interna horizontal para o persoal laboral fixo, segundo o regulado no artigo 5, polo sistema de concurso-oposición.

Un total de 277 prazas.

*Artigo 3. Sistema de selección dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público*

1. As prazas previstas no anexo I convocaranse, con carácter excepcional, polo sistema de concurso, de acordo co establecido na disposición adicional sexta, sétima e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, e que consistirá exclusivamente na valoración de méritos.

2. As prazas previstas no anexo II convocaranse polo sistema de concurso-oposición de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Da resolución destes procesos non poderá derivar, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, e deberanse ofertar nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se encontren desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

*Artigo 4. Promoción interna para o persoal laboral fixo: proceso de funcionarización*

O persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cuxa praza vai ser obxecto dun proceso de funcionarización poderá participar no proceso selectivo de promoción interna, para as prazas que figuran no anexo III deste decreto, polo sistema de concurso-oposición, de forma independente dos de libre concorrência, sempre que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, ou pasase a realizar as ditas funcións ou a desempeñar os ditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos exixidos, nos termos sinalados na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e na disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Ao persoal laboral fixo que, como consecuencia deste proceso, adquira a condición de funcionario de carreira adxudicáraselle destino definitivo, de carácter funcional, no mesmo posto que viña desempeñando con carácter definitivo.



*Artigo 5. Promoción interna horizontal para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico*

No anexo IV figuran as prazas de promoción interna, para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, de procesos de consolidación superados nas categorías de persoal laboral, de conformidade co disposto na disposición transitoria décima do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e aquel persoal laboral fixo que opte pola promoción interna horizontal ao ser a data da convocatoria do seu proceso selectivo posterior á data establecida pola disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

*Artigo 6. Criterios xerais de aplicación nos procesos selectivos*

1. De acordo co Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, e coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinálanse os seguintes principios reitores para o acceso ao emprego público na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades instrumentais do sector público autonómico, e a adquisición da respectiva relación de servizo:

a) Na selección do seu persoal garantíranse, ademais dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, os principios de:

- Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- Transparencia.
- Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas que se van desenvolver.
- Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.
- A simplificación dos procesos selectivos.



b) Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência e as medidas de discriminación positiva previstas neste decreto.

c) A composición dos tribunais de selección do persoal será paritaria para o conxunto da oferta pública de emprego, de acordo co disposto no artigo 48 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Os órganos de selección aplicarán na súa actuación principios de austeridade e axilidade á hora de ordenar o desenvolvemento dos procesos selectivos, sen prexuízo do cumprimento dos principios de actuación de conformidade co establecido no Estatuto básico do empregado público.

d) Nas convocatorias dos procesos selectivos nas cales se estableza a realización de probas con respostas alternativas faranse públicos os cadros de respostas na páxina da Xunta de Galicia ([www.xunta.es/funcion-publica](http://www.xunta.es/funcion-publica)), ou na páxina correspondente dos entes instrumentais obxecto desta convocatoria.

e) O funcionamento e a actuación dos tribunais de selección axustaranse ás instrucións ditadas para o efecto polo órgano competente.

f) O desenvolvemento dos procesos selectivos adecuarase, de ser o caso, ás recomendacións das autoridades sanitarias en períodos de emerxencia sanitaria.

2. Se nun determinado corpo, escala, subgrupo ou categoría da Administración pública galega e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico se verifica a infrarrepresentación do sexo feminino, entendendo por infrarrepresentación cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes, de existiren méritos iguais entre dous ou máis candidatos ao finalizar o proceso selectivo e antes da proposta de nomeamento dos candidatos aprobados, deberase aplicar como primeiro criterio de desempate a preferencia das mulleres, salvo se, de se consideraren obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos os sexos, existen motivos non discriminatorios para preferir o home, de acordo co artigo 49 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.





**Artigo 7. *Persoas con discapacidade***

Con respecto á reserva da cota para persoas con discapacidade, reservarase unha porcentaxe non inferior ao sete por cento das prazas convocadas, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que se distribuirá segundo se establece nos anexos de prazas obxecto desta oferta.

**Artigo 8. *Acreditación do coñecemento da lingua galega***

Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego, ao disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, e garantir o dereito das persoas usuarias dos distintos servizos públicos desta administración pública, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nos procesos selectivos que se desenvolvan en aplicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, incluírse un exame de galego, agás para aquelas persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

As bases da convocatoria establecerán o carácter deste exame, así como a valoración da dita proba e da equivalente acreditación do coñecemento da lingua galega.

**Artigo 9. *Requisitos específicos***

As convocatorias desenvolvidas ao abeiro deste decreto poderán exixir o cumprimento doutros requisitos específicos, como probas psicotécnicas ou físicas, que garden relación directa e obxectiva coas funcións e tarefas que se van desempeñar, e serán de aplicación nas ditas convocatorias os requisitos xerais e específicos de acceso ao emprego público.

**Artigo 10. *Publicación das convocatorias***

De conformidade co artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, a publicación no Diario Oficial de Galicia das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nos anexos I e II desta oferta deberase producir antes do 31 de decembro de 2022.

**Artigo 11. *Resolución dos procesos convocados***

De conformidade co artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, a resolución dos procesos selectivos de estabilización que se executen en desenvolvemento desta oferta deberase producir antes do 31 de decembro de 2024.

Da súa resolución non poderá derivar, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos.



### Disposición adicional primeira

Todas as prazas publicadas de categorías de persoal laboral dependente de función pública e que polo disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, teñan unha equivalencia nos corpos e nas escalas de carácter funcional se convocarán nun proceso selectivo único acumuladas á escala que lles corresponda de persoal funcionario, de acordo co sinalado no Decreto 165/2019, do 26 de decembro.

Para estes efectos, computaranse co mesmo valor os servizos prestados como persoal laboral temporal e como persoal funcionario interino na equivalencia entre categorías de persoal laboral e escalas de persoal funcionario previstas para a funcionalización do persoal laboral fixo do V Convenio colectivo.

### Disposición adicional segunda

Igualdade en relación coas condicións de emprego da Administración pública.

As convocatorias adaptaranse ao disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en relación coas condicións de emprego da Administración pública.

### Disposición adicional terceira

1. Tendo en conta o disposto no artigo 2.1 e nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, que sinala que as administracións públicas deben incluír nos procesos de estabilización temporal as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos, dispense que as prazas incluídas nesta oferta poderán ser obxecto dunha redistribución entre os diferentes corpos, escalas e especialidades en función da súa definitiva clasificación na relación de postos de traballo ou en función da realidade das tarefas desenvolvidas e, de ser o caso, das sentenzas xudiciais.

En todo caso, a mencionada redistribución non poderá implicar unha modificación do número total de prazas ofertadas en cada subgrupo de clasificación nin do número total de prazas ofertadas neste decreto.



2. Se resulta necesario realizar a mencionada redistribución, comunicaráselles ás organizacións sindicais na Comisión de Persoal.

#### Disposición adicional cuarta

De conformidade co artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e co artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, nas convocatorias dos procesos selectivos dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, poderanse convocar ata un dez por cento adicional máis das prazas comprometidas nesta oferta, co fin de acadar unha mellor eficiencia na xestión dos recursos públicos, sempre que as prazas cumpran o establecido na dita Lei 20/2021. Esta ampliación requirirá o informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

#### Disposición transitoria primeira. *Corpo de técnicos de carácter facultativo (grupo B)*

As convocatorias dos procesos selectivos referentes ao corpo de técnicos de carácter facultativo (grupo B) deberanse adaptar ao disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; mentres non se desenvolva regulamentariamente o grupo B, a incorporación do persoal producirase no subgrupo C1.

#### Disposición derogatoria. *Procesos de estabilización e consolidación do emprego temporal das ofertas de emprego público que non foron convocados*

De conformidade co disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, derróganse os anexos II e III recollidos no Decreto 124/2017, do 30 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (DOG núm. 234, do 12 de decembro); os anexos II e III do Decreto 160/2018, do 13 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (DOG núm. 239, do 17 de decembro); os anexos II e III do Decreto 33/2019, do 28 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (DOG núm. 67, do 5 de abril); os anexos II e III do Decreto 225/2020, do 23 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 (DOG núm. 260, do 29 de decembro), e os anexos II e III do Decreto 62/2021, do 8 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de



persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (DOG núm. 73, do 20 de abril), que afecten as prazas ofertadas nos ditos anexos, que no momento da entrada en vigor da dita Lei 20/2021, do 28 de decembro, se encontren pendentes de convocar.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento do decreto*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de función pública para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2022

Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente

Miguel Corgos López-Prado  
Conselleiro de Facenda e Administración Pública

### Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

#### ANEXOS I e II

#### Procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

GRUPO/ SUBGRUPO	CORPO/ESCALA	CONCURSO	CONCURSO- OPOSICIÓN	TOTAL
A1	2056-MÉDICOS/AS TITULARES. FACULT. SUPER. ESCALA SANITARIA	1		1
	205J-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR	4		4
	2060-CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	53	10	63
	2061-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE ARQUITECTOS	6	3	9
	2062-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE ENXEÑEIROS, ESPECIALIDADE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS	6	1	7



GRUPO/ SUBGRUPO	CORPO/ESCALA	CONCURSO	CONCURSO- OPOSICIÓN	TOTAL
	2063-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE ENXEÑEIRO, ESPECIALIDADE ENXEÑARÍA AGRÓNOMOS	5		5
	2064-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE ENXEÑEIRO, ESPECIALIDADE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL	4	2	6
	2066-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE ENXEÑEIRO, ESPECIALIDADE ENXEÑARÍA DE MONTES	21	3	24
	2067-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE VETERINARIOS	21	9	30
	2068-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE CIENCIAS, ESPECIALIDADE BIOLOXÍA	5	3	8
	2069-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE CIENCIAS, ESPECIALIDADE QUÍMICA	6	3	9
	2086-CORPO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA, ESCALA SUPERIOR DE FINANZAS	3		3
	206K-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE FACULTATIVOS DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS, ESPECIALIDADE ARQUIVOS	2		2
	206L-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE FACULTATIVOS DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS, ESPECIALIDADE BIBLIOTECAS	1		1
	208F-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE FACULTATIVOS, ESPECIALIDADE MEDICINA	1		1
	2080-CORPO FACULTATIVO SUPERIOR, ESCALA DE ENXEÑEIRO, ESPECIALIDADE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN	2		2
	2083-CORPO SUPERIOR, ESCALA SUPERIOR DE ESTATÍSTICOS	5		5
